

Resolución do 21 de outubro de 2022, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 15 de xuño de 2021, pola que se fixa a listaxe de cualificacións finais do proceso selectivo, se declaran as persoas que o superaron e se propón á Mesa do Parlamento o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

O tribunal designado por resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2021 (BOPG núm. 215, do 20 de outubro de 2021) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, grupo A, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento do 15 de xuño de 2021 (BOPG núm. 163, do 30 de xuño de 2021), na súa sesión do 21 de outubro de 2022,

RESOLVEU:

Primeiro. Unha vez finalizado o prazo de alegacións e resoltas as presentadas contra a citada resolución do 30 de setembro de 2022, fixar as seguintes puntuacións totais definitivas das persoas que superaron os tres exercicios:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Cualificacións			
			1º ex.	2º ex.	3º ex.	TOTAL
1	PERNAS RUBAL, CRISTIAN	***8445**	11,85	16	26,45	54,30
2	LÓPEZ GONZÁLEZ, MARÍA DEL MAR	***6111**	13,55	12	28,20	53,75
3	PARDO ÁLVAREZ, HÉCTOR	***5859**	13,35	12,5	25,25	51,10

Segundo. Declarar que, de acordo coa base 7.1 da convocatoria, só superaron o proceso selectivo as dúas persoas que acadaron a maior puntuación.

Terceiro. Propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a finalización do proceso selectivo e o nomeamento de Cristian Pernas Rubal e María del Mar López González como persoal funcionario de carreira, da escala técnica de publicacións, do corpo superior do Parlamento de Galicia.

Cuarto. Segundo a base décima da convocatoria, referida á constitución dunha lista de espera para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino, e dado que en tal lista se integran as persoas que superen, cando menos, os dous primeiros exercicios, declarar que, ademais da persoa que superou os tres exercicios sen obter o nomeamento como persoal funcionario de carreira, formarán parte da listaxe de substitucións as persoas que superaron os dous primeiros exercicios, con expresión da suma da puntuación acadada neles.

En consecuencia, a lista de substitucións queda establecida da seguinte forma:



	APELIDOS DE NOME	DNI	1º ex.	2º ex.	3º ex.	TOTAL
1	PARDO ÁLVAREZ, HÉCTOR	***5859**	13,35	12,5	25,25	51,10
2	BARÁ LOURO, MARÍA	***6372**	11,8	14		25,80
3	VIDAL REIMÚNDEZ, CARME MARÍA	***8736**	12,75	12		24,75
4	ALEXANDRE TEIXEIRO, PAULA	***9684**	11,8	10,5		22,30

Quinto. Publicar esta resolución, en cumprimento da base 7.1 da convocatoria, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web da Institución.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2021
Raquel Rodríguez Carro
Presidenta do tribunal

